



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



17 de outubro de 2015

Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

DECLARACION CONXUNTA

EAPN GALICIA, COORDINADORA GALEGA ONGD E CERMI GALICIA

As persoas primeiro.

Non abundan as palabras: Queremos compromisos

Estes lemas son algunhas das conclusións do VI Seminario Galego de Cidadanía Inclusiva e Participación que en maio do 2015 celebramos en Compostela. Moi semellantes as que escoitamos noutros encontros en Barcelona, Garda (Portugal) ou Bruselas.

Un berro e unha opinión compartida por todas as persoas que participaron nos mesmos, pertencentes todas elas a colectivos que sofren pobreza ou exclusión social, e unha expresión de dignidade semellante a que as ONG adicadas á cooperación ao desenvolvemento teñen escoitado e visto en moitos lugares do mundo.

De seguido Yosehanna Ledesma, Luis Giménez e Ruth Casas lerán un Manifesto que resume as principais reivindicacións destes encontros. Uns encontros e un Manifesto no que se pode percibir no seu verdadeiro significado a palabra decencia. Unha palabra obrigada no Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

En España non temos moitas razóns para o optimismo. EAPN España ven de presentar o informe “o Estado da pobreza en España 2015”. Coa última información oficial dispoñible, o 29,2% da poboación española estaba no 2014 en risco de pobreza ou exclusión social, case 14 millóns de persoas. 790 mil máis que o ano anterior.

En Galicia, e como se detalla no informe resume axunto, temos algunha razón para o optimismo. O 23,8% da poboación galega aínda malvivía no 2014 en risco de pobreza ou exclusión social, pero son medio punto menos que no 2013 e 5,4 puntos menos que no conxunto de España.

Moitas persoas aínda. Pero é unha información preocupante **porque empeoran quenes peor o están pasando:**

As 151.000 persoas con **privación material** (un punto máis que no 2013, ata o 5,5% da poboación)

O 14,9% dos fogares galegos con **baixa intensidade laboral** (0,8 puntos máis que no ano anterior)

As persoas **en pobreza severa** (con ingresos inferiores a 332€ ao mes) xa son o 3,5% da poboación galega: 96.000 homes e mulleres.



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



Unha pobreza e exclusión que se ensaña co 35,4% dos nenos e nenas que en España viven en pobreza infantil, ao 36,4% dos nosos xoves ou ao 53,3% das familias monoparentais, nas que unha soa persoa (normalmente a nai) é a responsable dos fillos.

Pero que tamén afecta aos colectivos cos que traballamos dende as organizacións que aquí estamos hoxe representadas: colectivo xitano, persoas migrantes, persoas refuxiadas, mulleres vítimas de violencia de xénero, poboación exreclusa, persoas sen fogar, etc.

Unha elevada proporción destas persoas teñen algunha discapacidade. En Europa o 65% das persoas con discapacidade están na pobreza. Especialmente de seren mulleres, cunha taxa de pobreza extrema que triplica ao do resto da poboación, e un 40% mais alta que a dos homes con discapacidade, o dobre se son maiores de 60 anos.

As persoas primeiro.

Sabemos que este lema é compartido pola nosa Valedora e polo noso Parlamento cando asumiu por unanimidade na súa Declaración Institucional do 14 de outubro de 2010 o **Manifesto por unha Cidadanía Inclusiva** e demostrandoo con propostas no presente Debate sobre o estado da Autonomía.

Non é imposible. As propias persoas en risco de pobreza e exclusión definiron o camiño e as nosas demandas nas pasadas eleccións municipais para unha loita efectiva contra a pobreza e a exclusión social:

- **Compromiso en orzamentos estables e planificación** de políticas públicas a medio e longo prazo.
Temos o excelente referente da Estratexia de Inclusión Social 2014-2020 aprobada pola Xunta de Galicia e o compromiso reiterado do noso presidente de que **no 2015 aprobarase o decreto que debe desenvolver a Lei de Inclusión e a RISGA.**
- **Coordinación** entre administracións públicas e coas organizacións non gubernamentais. E dentro das propias administracións, donde as **políticas sociais, de emprego e educación deben ir da man.**
- **Loita efectiva contra as causas da pobreza e a exclusión.** O tempo das medidas de emerxencia xa pasou, é o momento de apoiar de xeito decidido procesos integrais de inclusión, moi lonxe de políticas e asistencialistas.

A falta de emprego e apoios fan que moitas persoas como as que teñen algunha discapacidade vexan multiplicadas as sus posibilidades de caer na pobreza e na exclusión. Medidas como mais **apoio o emprego ordinario e protexido**, a



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



redución do copago nos servizos, a **compatibilidade entre o emprego e as prestacións sociais** son eixos básicos de actuación das administracións públicas galegas para protexer as persoas con discapacidade dos efectos da realidade actual.

Non sería tampouco xusto, nin digno, nin sequera eficaz limitar a nosa loita contra a pobreza e a desigualdade ao interior das nosas fronteiras.

Un mundo onde 85 persoas acumulan máis recursos que 3.570 millóns de seres humanos en situacións de pobreza, a maioría mulleres e nenas. Onde polo menos 2.800 persoas desapareceron cruzando o Mediterráneo en busca dun futuro mellor. Onde ata 60 millóns de persoas se viron obrigadas a fuxir dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución e as violacións de dereitos humanos.

Un mundo coma este obríganos a ampliar a mirada.

Dende Galicia debemos seguir apostando pola cooperación ao desenvolvemento como política social que promova a dignidade e o benestar das persoas que no mundo sofren as consecuencias da pobreza e as desigualdades. E garantir máis que nunca o cumprimento dos dereitos humanos das persoas migrantes.

Por un mundo sostible, libre de pobreza, exclusión e desigualdade. Por favor, poñamos as PERSOAS PRIMEIRO.

www.pobreza.gal
www.galiciasolidaria.org

Mais Información (medios):

EAPN Galicia. Antonio Hernández/ Xosé Cuns 698 127 110

Coordinadora Galega ONGD. Helena Capera Tel. 981 58 51 89 - 618 626 627

CERMI Galicia. Anxo Queiruga./ 698 127 110